

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 19 DE ABRIL DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 19 de abril de dous mil vinte e catro ; as nove horas xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 9 de abril de 2024..

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3 ESCRITOS DOS SEÑORES CIADANS

-Escrito de don Jorge Manuel Míguez Rodríguez, en representación de restaurante A Quinza, solicitando arranxo ou cambio de contenedor, porque está roto e non se pode utilizar.

A xunta de goberno acorda comunicar que o problema se resolverá de forma inmediata.

4 ESCRITOS OFICIAIS

A xunta de goberno toma coñecemento dos seguintes:

-Sentenza do Xulgado Social de Ourense nº 3, de 3 de abril de 2024, ditada no procedemento ordinario 00072/2024 , que falla:

Que estimo la demanda presentada por +++++ frente al CONCELLO DE RIBADAVIA declaro el derecho de la demandante a percibir el complemento de antigüedad y pagas extras conforme al artículo 21 del convenio y se la condene al abono a la actora de la cantidad de 1.400,58 € de atrasos de enero a diciembre 2023 más el interés de mora del 10% anual de lo adeudado.

-Auto de 11 de abril de 2024 do Xulgado Contencioso Administrativo nº1 de Ourense , ordenando ao concello de Ribadavia a execucion forzosa da sentenza firma núm 81/19 , de data 11.4.19.

5.- CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

Adxudicación de contrato menor de redacción de proxecto.

Vistos os orzamentos presentados para a redacción do proxecto " Ampliación de la red de abastecimiento y renovación de la red de saneamiento en A Grova y As Chavolas, concello de Ribadavia".

-Teswater global slu 18.089,50 euros, IVE engadido.
-Inberso tecnoloxías, 18.143,95 euros, IVE engadido.
-Ingeniería y gestión de proyectos del norte, 18.150 euros, IVE engadido.

A xunta de goberno ,por unanimidade, acorda adxudicar o contrato para a redacción do proxecto " Ampliación de la red de abastecimiento y renovación de la red de saneamiento en A Grova y As Chavolas, concello de Ribadavia" a Teswater global slu , polo importe de 18.089,50 euros, IVE engadido.

Dase conta do Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e a Federación Galega de karate para a organización da liga galega infantil de Karate.

LIQUIDACIÓN DE TAXAS POR OCUPACIÓN DE VIA PUBLICA CON MESAS E CADEIRAS.-

1.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a liquidacións da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de xaneiro 2024, por importe de 682 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a este acordo.

2.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a liquidacións da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de febreiro 2024, por importe de 698,60 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a este acordo.

3.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a liquidacións da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de marzo 2024, por importe de 1.081,90 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a este acordo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.

E sendo as nove horas e vinte e cinco minutos da mañá o Alcalde levanta a sesión do que como secretario estendo a presente acta.